

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



RESOLUCIÓN DA CONCELEIRA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE PERSOAL ASESOR E AUXILIAR A PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO CORRESPONDENTES A PRAZAS ESTRUTURAIS INCURSAS NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO (EXPEDIENTE. 635/406)

Consonte as bases específicas que rexen a convocatoria dos procesos selectivos convocados para a execución da oferta de emprego público de 2022 da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, correspondentes ás prazas estruturais incursas no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOP núm. 119 do 22 de xuño de 2022; BOE núm.171 do 18.07.2022), o Tribunal cualificador, por medio da súa Presidenta, propón á Concelleira delegada da Área de Urbanismo do Concello de Vigo, o nomeamento de persoal auxiliar para colaborar en todas aquelas tarefas materiais e administrativas que o Tribunal puidera considerar necesario durante o desenvolvemento das diferentes probas a realizar, así como o nomeamento de persoal asesor especialista para a fase de oposición, correspondente ao segundo exercicio, proba escrita do coñecemento do idioma Galego.

Á vista do anterior esta Concelleira delegada da Área de Urbanismo, no exercicio das súas atribucións delegadas mediante Resolución da Alcaldía do do 11.07.2019,

RESOLVE

Primeiro.- Designar en calidade de membro auxiliar para colabora nas tarefas materiais e administrativa de preparación e desenvolvemento do proceso, e aquelas outras tarefas que o Tribunal puidera considerar necesario, a dona Teresa María Rivas Rodríguez.

Segundo.- Designar en calidade de membro asesor especialista para a proba do Galego, a dona Marta Patricia Souto González, Técnica do servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo.

Terceiro- Publicar a presente resolución no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vigo.

Así o ordena e dispón a Concelleira delegada da Área de Urbanismo do Concello de Vigo e Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Vigo, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da XMU, dou fe.

